



Hedra

Ramón Rozas

Terra de poesía e poesías. Mar de metáforas e escumosas percepcións sensíbeis da realidade. Rúas e prazas inzadas de poetas que se mergullan no cotiá dende a afouteza da palabra. A poesía na rúa, pero tamén no rural, segue a levar a bo ritmo na Galiza. Territorio feito para que a poesía medre ao tempo cunha natureza chea de pulos meteorolóxicos que a obrigan a estourar cunha intensidade poucas veces vista na nosa historia. Esa exuberancia poética non deixa de abraiar ao noso sistema literario que ve como a poesía converteuse nos últimos tempos na súa póla máis vigorosa.

Poñelo ollo neses gomos lévanos a unha diversidade emocionante, a un compromiso dende cada un dos seus protagonistas que enche ao lector de ledicia e de saborosas recepcións. Matices que transmiten esa espléndida saúde que imos vendo, non só na propia creación, senón en realidades confluentes a ela como son a publicación de moitos títulos das nosas editoriais máis sobranceiras, Xerais ou Galaxia, sabedoras e recoñecedoras dese potencial e protagonismo entre os lectores; tamén a consolidación de recentes selos editoriais como Chan da Pólvora ou Apiario, centrados na obra poética. Ao seu carón temos o pulo do reforzo de numerosas citas de premios que sobrepasan décadas de convocatorias dende as que pular por novas colleitas de poetas, así como o inzamento de albergues que a poesía colonizou como a hedra, extendéndose por espazos públicos ou locais imprevisíbeis para o cidadán, atopándose deste xeito co arreguizo da oralidade dunha poética que fuxe do encadernado para voar libre entre nós. Do mesmo xeito a proliferación de festivais de Poesía como a Semana da Poesía Feroz no Ferrol, o ciclo de Poetas Di(n)versos na Coruña, o Festival PontePoética en Pontevedra ou o Festival Kerouac de Vigo, que xa afianzaron un público fiel incorporou en Compostela a segunda edición do Festival de Poesía para Corpo Principal, Alguén que respira, vertebrando así un corredor atlántico no que a poesía realmente latexa como un fío máis na Galiza dos afectos pola cultura, pola palabra e pola emoción.

Ese gabear polas confluencias da páxina en branco é unha impagábel realidade ante esa ausencia que durante demasiado tempo deixou a poesía nas mans valentes duns poucos, case sempre vencellados á tradición e a idades máis experimentadas. Agora, outro dos nosos trazos máis salientábeis é a suma, a axitación poética dos máis novos, mozos e mozas que se moven cunha enorme eficacia por ese eido que lles permite traducir unha realidade cos seus ollos destemidos de hoxe.

Moito máis complexo é o balizamento deses nomes, o deixar postos os espeques cos que sinalar os diferentes terreos dos que fixeron da súa palabra fertilizante da

nosa poesía. Todo inventario leva no seu interior unha inxustiza polos non citados, porén cada unha das próximas realidades que asomen por este relato son parte senlleira dese medrar heteroxéneo e ousado que provocaron a emoción deste cronista. Así botar unha ollada aos meses de 2018 lévanos a salientar premios como o Nacional de Ensaio acadado por María Xesús Lama cunha obra sobre Rosalía de Castro, que é un bo alicerce dende a investigación e o pensamento para esta radiografía, como tamén o é a poesía rosaliana dentro das nosas propostas poéticas. Da man dos premios xurdiron importantes textos como o *Galicia en bus* de María Reimóndez, premio Johan Carballeira; ou *Corpo* de Antón Lopo, premio Lueiro Rey; ámbolos dous editados por Xerais; tamén o recente premio nacional da crítica que salientou o *Tempo fósil* (Chan da Pólvora) de Pilar Pallarés, evidencia, xunto cos anteriores, esa diversidade xeracional que é a que está a expresar a nosa realidade hoxe. A publicación da poesía completa de Xela Arias en Xerais ou a reedición de *Baleas e Baleas* de Luisa Castro dende Galaxia, poñen ante nós textos acubillados na nosa memoria e lembran a irrupción da muller na poesía renovando camiños plantexados con anterioridade, pero tamén serven de gonzo con outra das realidades actuais, como é a presenza feminina na nosa poesía repostando a unha sociedade que esperta dese arrecunchamento da muller que aquí atopa un poderoso altofalante. Nomes como os de Tamara Andrés, finalista do Premio Nacional de Poesía Xoven Miguel Hernández, co seu *Corpo de Antiochia* (Galaxia) ou Noelia Gómez con *Xiro* (Xerais), súmanse a esa chea de mulleres que propuxeron poemarios abraiantes como o *Antídoto* de Enma Pedreira (Alvarellos), *Soños. Arquivos. Cartas* (Xerais) de María do Cebreiro ou *Todo isto antes era noite* de Lucía Aldao (Apiario).

Pero a hedra segue a medrar a procurar novos eidos, imprevisíbeis ata agora por onde espallar a súa organicidade e aí a temos acadando o Premio Jules de Verne de Literatura Xuvenil grazas a aposta de Carlos Negro pola poesía como linguaxe para a mocidade, como inclusión de novos lectores ao noso sistema literario co veludo firme da súa *Aplicación instantánea*; a Baldo Ramos propoñendo esa maridaxe artística, pictórica e visual ante o tremor da palabra das súas *Cartas dende o Esquenzo* (Galaxia); a Genaro da Silva que coa súa *Flor negra* (Chan da Pólvora) somerxe a poesía no ámbito científico; ou Fran Alonso cos seus *Street poems* (Xerais) incorporando a linguaxe dos grafitis e dos valados urbanos á poesía.

Ao tempo a nosa lingua tamén coloniza, e fitos salientábeis como a reedición dos xa míticos *6 poemas galego* de Federico García Lorca nunha edición facsimilar publicada por Alvarellos ou a realizada por Chan da Pólvora Editora, na colección *Rabo de Egua*, que por vez primeira publica os poemas de Lorca antes da intervención de Blanco Amor para a edición de 1935, reproducida no volume así mesmo en facsimilar para contrastar as versións. Tamén a posta en marcha da editorial Tulipa, coa incorporación ao galego de textos de autores de diferentes nacionalidades, como pode ser Luis García Montero con *O dono do derradeiro minut³*, amosan a intención do galego, antes e agora, a non renunciar a súa condición lírica que permite a moitos creadores, tanto de Galiza como de fóra dela, sentir dende a nosa lingua, novas percepcións da súa obra.

Non foi, polo tanto, o pasado ano 2018 un ano do que queixarnos, ben ao contrario sumou moito nesa conquista permanente na que está enchoupada a nosa poesía nos últimos tempos, certo é que se seguen precisando lectores, engrosar as ringleiras dos que requerimos da poesía para vivir como un nutriente máis e así mimetizarnos con ela como colonizadores dunha sociedade que será ben mellor se a poesía segue a medrar.

